

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Aprobación definitiva segunda do proxecto de equidistribución da UA 62

Asunto.- Anuncio de aprobación definitiva segunda do Proxecto de equidistribución da UA 62

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Constitutiva e Primeira Ordinaria celebrada o xoves 29 de xuño de 2023, adoptouse, entre outros, o Acordo de aprobación definitiva segunda do proxecto de equidistribución do ámbito da UA-62 presentado o día 20/06/23 (202399900004370) cos efectos inherentes ao mesmo, tanto reais como económicos, recollidos nos artigos 274 e 275 do RLSG.

O que se publica para xeral coñecemento aos efectos previstos no art. 220.c do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Poderase consultar o proxecto aprobado na seguinte ligazón de descarga:

<https://almacen.seap.minhap.es/historial/e337e54a159317bb2303463f9b90686eaf49758b>

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, poderá interpor directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente o día 3/7/2023

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo

Decreto 2027/2023 do 21/06/2023.

2023/5371